

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Serpe de Casal (1)

No lugar de Casal, parroquia de Santa M^a A Real de Entrimo, concello do Entrimo (Ourense) había unha serpe xigantesca que tiña ameazado o lugar; se non lle entregaban unha moza o primeiro domingo de cada mes, destruíría o lugar enteiro.

Cando xa só quedaba unha moza no lugar foi ao encontro da serpe que a agardaba nunha grande pedra ao lado do río Pacín.

Ao chegar alí, a moza comezou a rezar e no medio do rezo aparecéuselle a Virxe; deulle unhas areas e díxolle:

☐ Cando a serpe estea a punto de te comer, tíralle estas areas aos ollos.

A moza agardou pola serpe e cando xa estaba a punto de papala, tiroulle as areas aos ollos o que provocou que o animal se convertise en pedra e ademais partiuse en tres cachos.

Aínda hoxe se conservan estes tres cachos de pedra; en memoria daquel sucedido a xente coñéceos como As Serpes.

[Recollido por Xavier Pereira Rodríguez en xaneiro de 1994 a José Rodríguez]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A., «102 lendas e noticias lendarias», en Boletín Auriense, XXIV, 1994, páx.. 287- 336.

COMENTARIOS ENVIADOS

No lugar de Casal, parroquia de Santa M^a A Real de Entrimo, concello do Entrimo (Ourense) había unha serpe xigantesca que tiña ameazado o lugar; se non lle entregaban unha moza o primeiro domingo de cada

mes, destruíría o lugar enteiro.

Cando xa só quedaba unha moza no lugar foi ao encontro da serpe que a agardaba nunha grande pedra ao lado do río Pacín.

Ao chegar alí, a moza comezou a rezar e no medio do rezo aparecéuselle a Virxe; deulle unhas areas e díxolle:

Cando a serpe estea a punto de te comer, tíralle estas areas aos ollos.

A moza agardou pola serpe e cando xa estaba a punto de papala, tiroulle as areas aos ollos o que provocou que o animal se convertise en pedra e ademais partiuse en tres cachos.

Aínda hoxe se conservan estes tres cachos de pedra; en memoria daquel sucedido a xente coñéceos como As Serpes

Enviado por luis da cuña o 11/11/2010 ás 11:42:39